

# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 17/10/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

## ASISTENTES

### ALCALDE

José Marcote Suárez

### TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira

Soledad Vilela Romero

### SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

### Non asiste

(Con Excusa)

Teresa Fernández Martínez

## ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Aprobación Plan Estratéxico de Turismo.-
- 4º.- Aprobación Subministración Iluminación Paseo Marítimo Langosteira.-
- 5º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **17/10/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

### 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 27 de Setembro de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes. --

### 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

## OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

**A MARÍA ELENA RIOS RODRÍGUEZ e RAMÓN PAZOS SIERRA**, veciños de Cee, para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada co garaxe anexo a emprazar nunha parcela sita en Escaselas deste Termo Municipal de Fisterra con Referencia Catastral 15038A502212450000DL, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto **Básico e Modificado ao mesmo - Anexo á Memoria Descritiva** redactados polo Arquitecto Antonio Martínez Domínguez de datas **Marzo de 2018 e Xuño 2018** que constan no expediente así como as directrices impostas na pola Dirección de Augas de Galicia Resolución de data 28/08/2018 ; condicionada a que :

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde, oficios correspondentes de dirección de execución material, de ser o caso ademais do coordinador de seguridade e saúde e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.
- Unha vez rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia para que proceda ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno.
- Deberá procederse á cesión obligatoria mediante a formalización en documento público de terreos nunha superficie de 46,25 me coa finalidade de regularizar a vía a que da fronte á parcela.-
- Para o inicio das obras será necesario ó cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.
- Deberase acometer o estudio xeotécnico na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada o que debera acreditar antes ou simultaneamente a solicitude de primeira utilización da edificación.

**Asimesmo concedese licenza para a realización das obras de acometida á rede xeral municipal de abastecemento de auga se terán que executar baixo as seguintes condicións:**

- a.- Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producira o entronque coa rede de abastecemento.

b. - A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1") en 16 atmosferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadradillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c. Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncoconico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta). Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC

de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo "Augas de Fisterra", e frecha de sentido de fluxo de auga.

d.- Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e.- O interesado comunicarase coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión as redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f.-A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

**-As obras de acometida a Rede xeral municipal de Saneamento se teran que executar coas seguintes condicións:**

a.- Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b. Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terá unha pendente mínima de 2%.

c. Dende a arqueta sifónica dispoñerase dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e cunha pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d. A conexión de tubo de evacuación ira a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da

xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior a da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/l de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e área de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias máis ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando ésta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral e innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e. No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, dispórase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión a rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f. O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h. Non se poderán conectar a rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara a cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i. O interesado comunicárase coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión as redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

- Co fin de garantir a reposición do firme da calzada para a conexión coas redes de abastecemento e saneamento público deberase presentar aval bancario ou realizar un depósito na conta do concello de CINCOCENTOS EUROS (500,00 €)

- En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra dispórase a pe da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- **EXPEDIENTE : 2018/U022/000008**
- **DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA : 17 de Outubro de 2018**
- **ORDENANZA DE APLICACIÓN : Solo non urbanizable de núcleos rurais Tradicionais (NRT)**
- **PROMOTORES : María Elena Ríos Rodríguez e Ramon Pazos Sierra**
- **CONSTRUTOR : -----**
- **DIRECTOR DE OBRA : Antonio Martínez Domínguez, Arquitecto**
- **DIRECTOR DE EXECUCION MATERIAL : -----**
- **NUMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS : Planta Baixa**
- **USOS : Vivenda unifamiliar e Garaxe anexo**
- **PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN : Tres anos**

O cartel será un taboleiro hidrofugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Dous mil cento sesenta euros con setenta e oito céntimos (2.160,78 € ) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de NOVENTA E OITO MIL DOUSCENTOS DAZASETE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS EUROS (98.217,10 €).

A **MARÍA ELENA MARTÍNEZ PÉREZ e VICTOR CASTREGE PÉREZ**, veciños de Fisterra, para proceder á **Segregación de Fincas e Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de Planta Baixa**, a emprazar nunha parecla sita na localidade de Ermedesuxo de Arriba (Referencia Catastral 15038A50200456000DQ) debendo axustarse na súa totalidade ó **Proxecto Básico e Modificado do mesmo de datas Agosto de 2018**, redactados pola Arquitecta Elena Ampudia Aixendri que constan no expediente; condicionada a que :

1)Á Parcelación urbanística procedente dunha finca matriz cunha superficie de 3.320,80 m<sup>2</sup> sita na localidade de San Martiño de Abaixo no Termo Municipal de Fisterra queda segregada nas seguintes:

PARCELA	SUPERFICIE
A	973,30 m2
B	1.987,70 m2
C (Cesión Gratuita o Concello )	359,80 m2

**2) A cesión gratuita obrigatoria efectuaráse mediante documento público na superficie antes indicada na segregación coa finalidade de proceder á regularización da vía a que da fronte a parcela.-**

Co fin de garantir a cesión libre de cargas deberáse presentar un aval bancario ou ingreso en metálico nas arcas municipais polo importe de MIL DOUSCENTOS EUROS (1.200,00).

- As obras non se poderan iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente en aplicación do Artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde, e ter obtido a oportuna aprobación da Xunta de Goberno local para o seu comezo.-

- Para o inicio das obras deberá cumprir co disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio a inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto. O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso tera lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinara o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

- O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente a solicitude de primeira utilización da edificación.

**As obras de Acometida a rede xeral municipal de Abastecemento de Auga se terán que executar coas seguintes condicións:**

a.- Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.

b.- A acometida consistira nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1”) en

16 atmosferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c.- Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncoconico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta). Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarse unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.

d.- Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e.- O interesado comunicarse coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por ésta se efectúe a correspondente conexión as redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f.- A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

**As obras de acometida a Rede Xeral de Saneamento teranse que executar coas seguintes condicións:**

a. Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b.- Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terá unha pendente mínima de 2%.

c.- Dende a arqueta sifónica dispoñerase dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo percorrera o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d.- A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a

cota de saída na edificación será sempre superior a da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/l de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e área de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias máis ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando ésta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral e innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e.- No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, dispórase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión a rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f.- O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g. - A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h. Non se poderán conectar a rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara a cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i.- O interesado comunicárase coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión as redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra dispórase a pe da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

-- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA : 2018 / U022 / 000011

-- DATA EXPEDICION DA LICENZA : 17 Outubro 2018

-- ORDENANZA DE APLICACIÓN : Solo non urbanizable de núcleos rurais Tradicionais (NRT)



- **PROMOTORES** : María Elena Martínez Pérez e Víctor Castrege Pérez.-
- **CONSTRUTOR** : -----
- **DIRECTOR DE OBRA** : Elena Ampudia Aixendri, Arquitecta.-
- **DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL**: Basilio Canosa Diaz, Arquitecto Técnico.-
- **NUMERO DE PLANTAS AUTORIZADAS**: Planta Baixa
- **USO**: Vivenda unifamiliar
- **PRAZO MAXIMO DE EXECUCION**: Tres anos

O cartel será un taboleiro hidrofugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Dous mil catrocentos setenta euros con trinta céntimos (2.470,30 € ) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de CIENTO DOCE MIL DOUSCENTOS OCHENTA E SEIS EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (112.286,30 euros).

#### **COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS**

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **JOSÉ MANUEL ESTÉVEZ INSUA**, veciño de Fisterra, (Rexistro de Entrada 2.668 de 20/09/2018) para proceder á realización de obras consistentes no pintado de aleiros do teito en cor branco nunha vivenda con Referencia Catastral 84058D3MH7580N0001KT).-

**Resultando** que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 3 de Outubro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da

propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MANUEL INSUA ARMESTO, veciño de Fisterra, (Rexistro de Entrada 2.702 de 24/09/2018) para proceder á realización de obras consistentes na substitución da plaqueta existente por pedra na fachada principal dunha vivenda con Referencia Catastral (8408709MH7580N0001GT).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 3 de Outubro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de BLAS ÁLVAREZ MARCOTE, veciño de Fisterra, (Rexistro de Entrada 880 de 11/04/2018) para proceder á realización de obras consistentes na colocación de estrutura de madeira para porche entre muros de peche existentes no lateral nunha vivenda con Referencia Catastral (8408709MH7580N0001GT).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 19 de Setembro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.- Debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en resolución de data 4/10/2018 que consta no expediente .--

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de SANTIAGO MELGAR GUERREIRO, veciño de Fisterra, (Rexistro de Entrada 2.445 de 27/08/2018) para proceder á realización de obras consistentes na reparación de pranchas de fibrocemento existentes na cuberta e de grietas das fachadas con pintado das mesmas en cor amarelo claro nunha vivenda e almacén (Referencia Catastral

8802318MH7580S0001FD) mediante a ocupación da vía pública con andamios nunha superficie de doce metros.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Outubro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA LAGOA TRABA, veciña de Fisterra, (Rexistro de Entrada 2.373 de 14/08/2018) para proceder á realización de obras consistentes na reparación dunha beirarrúa existente nunha finca (Referencia Catastral 002400400MH75D0001SQ).-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Outubro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de EMILIANO TOUCEDA RIVEIRA, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.719 de 26/09/2018) para proceder á realización de obras consistentes no lavado e pintado da fachada en cor branco dunha edificación con Referencia Catastral 8605504MH7580N0001MT mediante a ocupación da vía pública con andamios nunha superficie de dous metros.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 10 de Outubro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da

propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JUAN CARLOS CARMONA SCHOMOLLING, veciño de Madrid, para proceder á realización de obras consistentes na reparación da cuberta, colocación de tella, canalóns e pavimentación do acceso á unha vivenda sita na localidade de Sardiñeiro de Abaixo no Termo Municipal de Fisterra (Referencia Catastral 000203300MH85C0001BL),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 10 de Outubro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

B) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á realización de obras dun paso e liña soterrada de Baixa Tensión con canalización proxectada de tres metros na vía pública da Rúa Alcalde Fernández desta Vila, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Pablo López Alonso de data 20/09/2018 que consta no expediente; condicionada a que :

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada desta Corporación.-.

2) Os entullos de gabia deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades de materiais.

4) Presentación de Garantía mediante Aval Bancario ou metálico por importe de Oitenta e catro euros con oitenta e oito céntimos ( 84,88 € ) co fin de garantir o coste de reposición da urbanización afectada.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-- Un euros con vinte e nove céntimos (1,29 € ) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-- Nove euros con corenta e sete céntimos ( 9,47 € ) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

C) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demáis antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á realización de obras dun paso aéreo-subterráneo (PAS) e canalización de 44 metros para subministro de enerxía eléctrica con destino a unha vivenda unifamiliar emprazada na Rúa Patres, desta Vila; debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Miguel Ángel Bernal López de data 21/06/2018, así como ó informe emitido polo Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que constan no expediente; condicionada a que:

1) Deberá informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada desta Corporación.-.

2) Os entullos de gabiá deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades de materiais.

4) Presentación de Garantía mediante Aval Bancario ou metálico por importe de Mil corenta e tres euros con vinte e seis céntimos ( 1.043,26 € ) co fin de garantir o coste de reposición da urbanización afectada.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-- Tres euros con trinta céntimos (3,30 € ) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-- Vinte e catro euros con vinte céntimos ( 24,20 € ) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

D) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Autorización provisional en viario a JOSEFA LÓPEZ SENLLE, veciña de Fisterra, (Rexistro de Entrada 2.777 de 2/10/2018) para proceder á colocación dun colector de obra co motivo da reparación da cuberta dunha edificación, sempre que non se poña en perigo ás persoas usuarias da vía pública e non se impida o tráfico rodado, debendo poñer en coñecemento deste Concello a zona do seu emprazamento.

E) Visto o informe favorable emitido polo Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación de data 9/10/2018 e en aplicación do indicado no Artigo 145 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia; e ante a solicitude formulada pola Promotora, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda

1) Entender vixente a Licenza Urbanística outorgada por esta Xunta en sesión do día 27 de Agosto de 2015 a favor de ROSA MARÍA MARCOTE CANOSA, veciña de Fisterra, para Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada a emprazar nunha parcela con Referencia Catastral 1047620MH8514N0001JA, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e de Execución redactados a tal efecto polo Arquitecto Xoan Bautista Alborés Tajés que consta no expediente; todo iso deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

2) Manteranse todos e cantos condicionamentos foron impostos na concesión inicial da licenza referida que constan no expediente.-

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

3) Notificar dito acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, facéndolle saber que as obras deberán comezar no prazo de seis meses e rematar en tres anos.

### **3º.- Aprobación Plan Estratégico de Turismo.-**

Unha vez examinado e axustándose ás directrices sinaladas por esta Corporación que deron lugar ó expediente mediante Contrato Menor de prestación de servizos, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar o Documento do Plan Estratégico de Turismo ( Fisterra 2018-2022 ) redactado pola Empresa adxudicataria pQliar Consulting S.L. con CIF B70053111 e domicilio social na Rúa Horreo, 106 Baixo de Santiago de Compostela que consta no expediente.-

2) Aprobar a Factura número 1045 2 de data 10 de Outubro de 2018 expedida pola citada Empresa e correspondente o pago final dos traballos polo importe de Nove mil catrocentos dezanove euros con oitenta e cinco céntimos ( 9.419,85 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.--

3) Notificar este acordo á adxudicataria para o seu coñecemento e demais efectos.-

### **4º.-Aprobación Subministración Iluminación Paseo Marítimo Langosteira.-**

Unha vez examinada, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda por unanimidade dos asistentes:

a) Aprobar a Factura número Emit- 037 de data 16 de Outubro de 2018 expedida pola Empresa GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS S.L. con CIF B15494594 adxudicataria da Subministración "Iluminación Paseo Marítimo Praia de Langosteira" polo importe de Corenta e un mil sesenta euros con catorce céntimos ( 41.060,14 € ) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.-

b) Formalizar a oportuna Acta de Recepción dos Subministros.-

c) Remitir a Axencia de Turismo Galicia, órgano Subvencionante, a documentación prevista na Resolución do 4 de Xaneiro de 2018 publicada no Diario Oficial de Galicia número 14 de data 19 de Xaneiro de 2018.-

### **5º.- Asuntos varios.-**

#### **AXUDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS**

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a “Asociación Local contra el Cáncer”, con CIF G28197564 e domicilio social na Rúa Santa Catalina, 14 da Vila de Fisterra, unha axuda económica polo importe de Cincocentos euros ( 500,00 € ) para gastos de

funcionamento durante o ano 2018 que deberán ser xustificados antes do 31 de Decembro do presente ano.-

Visto o Informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. J. D. B. , veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Cincocentos euros ( 500,00 € ) para gastos farmacéuticos durante o ano 2018 , ó tratarse dunha persoa carente de medios económicos.--

Ditos gastos serán abonados, previa presentación das Facturas correspondentes, á Farmacia Autorizada que a tal efecto indique a interesada.-

Visto o Informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a J. B. M. P. , veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Cen euros ( 100 € ) para gastos de transporte co motivo de traslados a Unidade Asistencial de Carballo ano 2018, ó tratarse dunha persoa carente de medios económicos.--

#### RECURSO SUBMINISTRACIÓN PASEO LANGOSTEIRA

Visto o recurso de reposición formulado por parte da empresa "INSTALACIONES ELÉCTRICAS CORUÑESAS S.L. ( INSTELEC SL )" co CIF B15025661 e domicilio social na rúa Ermita, 34 de A Coruña (Rexistro Xeral de Entrada número 21899900000038 de data 17/09/2018) contra o acordo adoptado por esta Xunta de Goberno Local en sesión do día 06/09/2018 sobre adxudicación definitiva da subministración denominada "Iluminación Pública Paseo Marítimo da Praia Langosteira" en favor do Grupo Mariño Obras y Servicios SL nun importe de corenta e un mil sesenta euros con catorce céntimos ( 41.060,14€ ) incluído o Imposto Sobre Valor Engadido.-

Resultando que, unha vez examinadas as razóns expostas no contido do recurso, estas non poden ser aceptadas toda vez que non desvirtúan as razóns que xustificaron o rechazo da proposta formulada pola empresa recurrente e que encóntranse indicadas na acta da reunión efectuada pola mesa de contratación o día 16/08/2018 ao establecer que "as balizas ofertadas son de 300 mm podendo chegar incluso aos 1000 mm non determinándose polo licitador a proposta exacta formulada ante esta Administración Local e polo tanto non axustándose as previstas na Memoria Técnica redactada polo Departamento de Urbanismo que establecía as dimensións aproximadas de 150 mm de altura e 170 mm de diámetro",

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1º - Desestimar o recurso formulado pola Empresa licitadora toda vez que a subministración ofertada non se axusta ó material e directrices sinalados



**por esta Corporación dentro da Memoria antes referida e que serviu de base para a licitación.-**

**2º -Notificar este acordo á reclamante, cos recursos legalmente establecidos.-**

### **LICENZA ACTIVIDADE**

**A) Á vista da comunicación efectuada por parte de María Amable López Lago, no nome e representación de A FONTE PEQUENA S.L. con CIF B70542329 e domicilio social na rúa Santa Catalina 43 1 da Vila de Fisterra (Rexistro Xeral de Entrada 2890 de data 11 de Outubro de 2018 ) sobre ACTIVIDADE destinada a HOTEL RESIDENCIA UNHA ESTRELA nun edificio ( Referencia Catastral 869119MH7580N0001BT ),**

**Visto o Artigo 20 do Decreto 114/2016 de 22 de Setembro polo que se aproba o Regulamento Único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos publicada no Diario Oficial de Galicia número 213 de data 9 de Novembro de 2016 que desenrola a Lei 9/2013 de 19 de Decembro do emprendemento e da compatibilidade económica de Galicia,**

**A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co previsto no Artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións locais, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

**1) Recoñecer o exercicio da Actividade de HOTEL RESIDENCIA UNHA ESTRELA en favor da Empresa A FONTE PEQUENA S.L. que se ven exercendo desde máis de Vinte anos nesa edificación contando coa Autorización de Consellería de Turismo que consta no expediente, todo elo aos efectos do disposto no Artigo 69.3 da Lei 39/2015 de 1 de Outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.-**

**2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, debendo expedirse o oportuno título habilitante.--**

**E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21:35 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.**